

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA Y VISUAL DO CURSO 2021/2022

Debido á publicación da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, temos que realizar unha serie de modificacións nas programacións didácticas. Realízase a seguinte proposta de adecuación da programación didáctica:

Procedementos e instrumentos de avaliación.

- Os instrumentos de avaliación máis adecuados serán similares aos recollidos na programación: observación sistemática (intervencións, diario de clase, listas de control), análise das producións dos alumnos (expresividade e representación, traballos de aplicación e síntese, resolución de exercicios, investigacións, traballos en grupo, etc.), intercambios orais cos alumnos (diálogos, entrevistas, debates, postas en común), probas específicas (exposicións, resolución gráfica de exercicios, controis), autoevaluación e coevaluación.

Concrecións metodolóxicas para ESO:

- **No período comprendido entre o 6 de xuño e o 22 de xuño:**
 - ↘ Alumnado con parte da materia suspensa
Deseñaranse actividades e láminas de reforzo específicas para cada avaliación que precise ser recuperada polo alumnado. Desta forma orientarase aos alumnos para á realización das probas de recuperación que deberán facer durante este período.
 - ↘ Alumnado coa materia aprobada.
Con este alumnado realizaranse actividades de ampliación ou consolidación segundo as características de cada grupo.

Criterios sobre a avaliación e cualificación para ESO:

- **Procedemento para acadar a nota da 3ª avaliación parcial**
O procedemento será o mesmo fixado para as anteriores avaliacións parciais e que está recollido na programación didáctica
- **Procedemento para a recuperación das partes da materia non superada.**
Concretaranse as actividades de recuperación, por parte do equipo docente, no informe de avaliación individualizado que se realizará ao finalizar a 3ª avaliación parcial.
- **Procedemento para acadar a nota final .**
 - ↘ Cualificación e posibilidade de mellora para os aprobados:
A nota final calcularase facendo a media das notas das tres avaliacións. As actividades realizadas polo alumnado no período comprendido entre o 6 de xuño e o 22 de xuño afectarán ao redondeo desta nota final, que poderá ser á alza.
 - ↘ Cualificación e posibilidade de recuperación para o alumnado con materia pendente:
A nota da ou das avaliacións que o alumnado tiña suspensas recalculase como unha media ponderada na que contará un 40 % a nota orixinal da avaliación e o 60% a nota da proba de recuperación. Se a proba de recuperación está aprobada (5 sobre 10), o alumno recupera a avaliación aínda que a media ponderada sexa menor que 5 e, polo tanto, a nota da avaliación será un 5.
A nota final calcularase facendo a media das tres avaliacións (substituíndo a nota das avaliacións suspensas pola recalculada coa media ponderada anterior).
Para aprobar a materia será necesario ter unha media das avaliacións igual ou superior a 5.